

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dun procedemento de dependencia

Expediente: G.6.Q/13196/17

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ... relativo ao retraso dun procedemento de dependencia.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que o 5/01/16, ██████████, sobriño de ██████████, presenta ante os servizos sociais documentación para solicitar axuda por dependencia para atendela. Atópase con gran dependencia, xa que necesita axuda para realizar todas as actividades básicas (perda de autonomía física e mental). Necesita apoio indispensable e continuo doutra persoa, tal como o comprobaron os servizos sociais en varias ocasións. Pasou máis dun ano desde a solicitude de dependencia e non ten a resolución.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Nela sinalase o seguinte: "... Con data 25.01.2016 achégase solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións. Con data 18.01.2017 emítese, por parte da xefatura territorial, a resolución de grao III (cunha puntuación de 95 puntos no BVD). Con data 26.01.2017 dítase proposta do Programa Individual de Atención polo órgano de valoración, onde se considera como servizo mais idóneo a Libranza vinculada á adquisición dun servizo Área: 010201 - Atencións de carácter persoal e doméstico na realización das ABVD no propio domicilio e acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias (SAF) (na entidade ...). Actualmente o expediente está en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, respectando: a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento de dependencia con maior grao de dependencia e menor capacidade económica e a dotación orzamentaria existente".

## ANÁLISE

1. A consellería recoñece que a pesar do tempo transcorrido dende a solicitude (de 25 de xaneiro de 2016, case un ano e medio), segue sen resolverse sobre o programa de atención ou PIA, polo que confírmase a queixa (o afectado non ten o servizo proposto, a pesar de que xa dende hai tempo debería contar con el).

2. O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

3. O expediente debería atoparse resolto no prazo previsto; as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria.

A consellería indica que os expedientes tramítanse pola orde que sinala (maior grao de dependencia e menor capacidade económica), ao que engade o condicionante de que exista dotación orzamentaria. Porén, o feito de que a consellería respecte a lista de espera non xustifica o acusado retraso que tratamos; e o condicionante da dotación debe poñerse en relación co carácter de dereito subxectivo e por tanto legal ou incondicional que ten o dereito á atención á dependencia.

4. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española (art. 49). Como consecuencia do anterior os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se resolva sobre o expediente de asignación do servizo ou prestación de dependencia obxecto desta queixa, que se atopa demorado de acordo*

*co prazo previsto, e que con carácter xeral se adopten as medidas que eviten este tipo de demoras, que prexudican ao reclamante e ao resto dos afectados.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da valedora do pobo. Recórdolle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo